

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Anuncio do 21 de outubro de 2004, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 002, do grupo V (axudante de traballos ou oficios e outras) do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia polo que se fan públicos varios acordos.

En sesión celebrada o día 21 de outubro de 2004, o tribunal designado pola Orde do 21 de xuño de 2004 (DOG nº 124, do 29 de maio), para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 002 (axudante de traballos ou oficios e outras), do grupo V, do persoal laboral fixo de la Xunta de Galicia, quenda de promoción interna e de acceso libre, convocado pola Orde do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro)

ACORDOU:

Primeiro.-Facer pública a puntuación obtida polo opositor Jaime Manuel Domínguez Cordero relativa ao primeiro exercicio da fase de oposición, que se atopa exposta no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, nos servizos de Información e Atención ao Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, así como na páxina web www.xunta.es. De conformidade co disposto na base II.2.1.a) da convocatoria de acceso libre fixouse en vinte e cinco (25) o número de respostas correctas para obter unha puntuación mínima de dez (10) puntos na proba, unha vez feitas as deducións previstas na citada base.

Segundo.-Facer públicas as puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao segundo exercicio da fase de oposición de la categoría 002 (axudante de traballos ou oficios e outras), quenda de promoción interna e acceso libre, que se atopan expostas no taboleiro de anuncios da Escola Galega de Administración pública, nos servizos de Información e Atención ao Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, así como na páxina web www.xunta.es.

Terceiro.-De conformidade co disposto na base II.2.1.a) da convocatoria de acceso libre superaron o primeiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de cinco (5) puntos na proba, fixéndose en vinte e un (21) o número de respostas correctas para obter a dita puntuación na quenda de acceso libre.

No caso da quenda de promoción interna e de conformidade co disposto na base II.2.1.a) da convocatoria superaron o primeiro exercicio os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de dez (10) puntos na proba, fixéndose en dezaoto (18)) o número de respostas correctas para obter a dita puntuación.

Cuarto.-Os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen oportunas en relación á puntuación acadada no prazo de dez (10) días contados desde o día seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto.-Convocar o aspirante da quenda de acceso libre que a continuación se cita, para a realización do terceiro exercicio da fase de oposición (proba de galego) que terá lugar o día 4 de novembro ás 16.30 horas na sala de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, sita na planta baixa do bloque 5 do edificio administrativo de San Caetano, en chamamento único.

DNI: 33548839-G.

Nome e apelidos: Marcos Álvarez Pin.

Sexto.-De acordo co establecido na base II.I.6, desde a data do anuncio de publicación no DOG das notas do segundo exercicio da fase de oposición, os aspirantes disporán dun prazo de vinte (20) días naturais para presentar a documentación relativa á fase de concurso, así como fotocopia compulsada da titulación requirida no anexo I, ou certificación académica que acredite a realización de estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite, de modo que faga fe, a posesión do correspondente título académico.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2004.

María Chas de la Calle
Presidenta do tribunal V-A

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 21 de outubro de 2004 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten atribuída, dentro do ámbito da súa comunidade autónoma, a competencia para realizar as avaliacións e informes das actividades docentes, investigadoras e de xestión (previstas tanto pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos seus artigos 50, 51, 52, e 72; como no Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, nos seus artigos 5 a 7), para poder ser contratado como profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor, e profesor de universidade privada polas universidades do SUG.

Coa aprobación da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 23 de xuño de 2004, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, e da Orde do 7 de setembro de 2004, pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación de persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades, complétase o sistema para avaliar ou emitir informe sobre as actividades docentes, investigadoras e de xestión, para a contratación do profesorado, establecido a través do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, e na Orde do 1 de abril de 2003 que aproba os criterios xerais de informe e avaliación.

De conformidade co establecido e ambas as dúas ordes mencionadas, o presidente do Consello de Dirección da ACSUG, escoitado o Consello de Dirección da ACSUG, convocará mediante resolución a apertura do prazo para a presentación de solicitudes de avaliación ou informe para a contratación de profesorado polas universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que, unha vez reunido o consello de dirección, na súa virtude,

RESOLVO:

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria e abrir o prazo para a presentación de solicitudes para a obtención da avaliación ou informe positivo que, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, debe emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para que os interesados poidan ser contratados como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia (SUG) como profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor e profesor de universidade privada.

Segunda.-Destinatarios.

Poderán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que, de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, queiran ser contratados por algunha das universidades integrantes do SUG en calquera das seguintes figuras contractuais: profesor axudante doutor, profesor colaborador, profesor contratado doutor e profesor de universidade privada.

Terceira.-Distinción na tramitación das solicitudes.

Conforme o disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, a través da Orde do 7 de setembro de 2004, pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación de persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades, e da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 23 de xuño de 2004, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia, establécense dous tipos de procedementos para obter a avaliación positiva ou o informe favorable da ACSUG en función da circunstancia en que se atope o interesado á hora de realizar a súa solicitude.

a) Cando os interesados pertencen a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica de universidades e que se atopen nalgún dos seguintes supostos descritos no artigo 2.1º da Orde do 7 de setembro de 2004, pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación de persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades.

a.1) Que pertencen ao corpo de catedráticos de universidade ou estean na situación administrativa e académica de atoparse habilitados para o dito corpo e soliciten a avaliación para a contratación para as figuras de profesor axudante doutor, profesor contratado doutor e profesor de universidade privada, ou emisión de informe para a figura de profesor colaborador.

a.2) Que pertencen ao corpo de profesores titulares de universidade ou estean na situación administrativa e académica de atoparse habilitados para o dito corpo e soliciten a avaliación para a contratación para as figuras de profesor axudante doutor, profesor contratado doutor e profesor de universidade privada, ou emisión de informe para a figura de profesor colaborador.

a.3) Que pertencen ao corpo de catedráticos de escola universitaria ou estean na situación administrativa e académica de atoparse habilitados para ese corpo e soliciten emisión de informe para a contratación para a figura de profesor colaborador, así como cando ademais posúan o título de doutor e soliciten a avaliación para a contratación para as figuras de profesor axudante doutor, profesor contratado doutor e profesor de universidade privada.

a.4) Que pertencen ao corpo de profesores titulares de escolas universitarias ou estean na situación administrativa e académica de atoparse habilitado para ese corpo e soliciten emisión de informe para a contratación para a figura de profesor colaborador, así como cando ademais posúan o título de doutor e soliciten a avaliación para a contratación para a figura de profesor axudante doutor.

b) Cando os solicitantes non estean incluídos en ningún dos supostos enumerados na epígrafe anterior.

Cuarta.-Solicitudes.

1. As solicitudes de avaliación ou informe, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG, poderanse presentar en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán indicar para cal ou cales das modalidades contractuais solicitan a avaliación ou informe.

2. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo I a esta convocatoria cando os solicitantes se atopen nalgunha das circunstancias relacionadas na alínea a) da base anterior.

3. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II a esta convocatoria cando os solicitantes estean incluídos no suposto relacionado na alínea b) da base anterior.

Quinta.-Documentación, número de copias e cotexo.

1. Cando os solicitantes pertencen a corpos docentes universitarios ou se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica de universidades e se atopen nalgún dos supostos relacionados na epígrafe a) da base terceira, deberán presentar a seguinte documentación na súa solicitude:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo I.

-Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Certificado que acredite a condición de funcionario docente universitario ou a situación administrativa e académica de atoparse habilitado, de acordo co establecido na Lei orgánica de universidades.

-Xustificante de atoparse en posesión do grao de doutor cando o interesado pertenza, ben ao corpo de catedráticos de escolas universitarias ou se atope habilitado para o dito corpo, e solicite a avaliación para as figuras de profesor contratado doutor, profesor axudante doutor ou profesor de universidade privada, ou ben ao corpo de profesores titulares de escola universitaria e solicite a avaliación para a figura de axudante doutor.

2. Cando os solicitantes se atopen no suposto indicado na alínea b) da base terceira deberán presentar a seguinte documentación na súa solicitude:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como anexo II.

-Fotocopia de documento acreditativo da personalidade do solicitante (DNI ou equivalente).

-Currículum vitae, que se deberá cubrir no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo III.

-Documentación acreditativa dos méritos curriculares aos que se faga mención.

3. Deberanse presentar unicamente dúas copias completas de todos os documentos relacionados, con independencia do número de figuras contractuais para as que se solicite a avaliación ou informe.

Ademais, nos casos enumerados no punto un desta base, deberase entregar en formato dixital unha copia cuberta do modelo normalizado de instancia (anexo I), que estará á disposición dos interesados na páxina web www.acsug.com, e que se deberá cubrir de conformidade coas instrucións indicadas nela.

Do mesmo xeito, nos casos enumerados no punto dous desta base, deberase presentar en formato dixital unha copia cuberta do modelo normalizado de instancia (anexo II) así como do currículum vitae (anexo III), que estarán á disposición dos interesados na páxina web www.acsug.com, e que se deberán cubrir de conformidade coas instrucións indicadas nela.

4. Deberase cotexar toda a documentación da que se dispoña dun documento orixinal, como títulos de licenciado, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico; títulos de másters; certificado do expediente académico, documentos acreditativos de premios extraordinarios, certificados de cursos, seminarios e de asistencia a congresos, credenciais de bolsas, contratos laborais, etc.

As copias dos libros, artigos e demais publicacións non será necesario cotexalas, e será suficiente con entregar unha copia da primeira e última folla, índice e folla onde figure o ISBN, ISSN, depósito legal, etc. Presentarase un certificado da editorial ou organismo, da correspondente publicación, nos casos de traballos aceptados e pendentes de publicación, sendo preciso neste caso o seu cotexo.

So será necesario cotexar unha das dúas copias que se presenten, tendo en conta que a restante é copia exacta da cotexada e que o interesado asina unha declaración responsable no propio currículum vitae da veracidade dos datos e da documentación achegada, pola que asume as consecuencias que se deriven das inexactitudes que puidesen figurar.

Sexta.-Emenda e mellora da solicitude.

1. A ACSUG comprobará, cando reciba as solicitudes, que estas reúnan todos os requisitos exixidos

nas respectivas ordes reguladoras (Orde do 7 de setembro de 2004, pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación de persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades, e da Orde do 23 de xuño de 2004, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do sistema universitario de Galicia) así como nas bases desta convocatoria. De non ser o caso, procederáse á súa emenda de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

2. A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), poderá requirir dos solicitantes cantas aclaracións consideren oportunas en relación aos méritos alegados nos seus currículos.

Sétima.-Prazo.

O prazo para a presentación das solicitudes de avaliación ou informe necesario para poder ser contratado como persoal docente e investigador por algunha das universidades integrantes do SUG, en calquera dos dous supostos especificados nesta convocatoria, será de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitava.-Procedemento de avaliación e informe.

1. Cando as solicitudes pertencen a algún dos supostos relacionados na alínea a) da base terceira, a CGIACA emitirá unha proposta motivada de informe ou avaliación de cada unha das solicitudes que fosen admitidas a trámite de conformidade co establecido na Orde do 7 de setembro de 2004 pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación de persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades. Nestes supostos, os criterios que adoptará a CGIACA para a emisión das avaliacións e informes serán os establecidos no anexo I desta orde.

2. Cando as solicitudes pertencen a algún dos supostos relacionados na alínea b) da base terceira, a CGIACA emitirá unha proposta motivada de informe ou avaliación de cada unha das solicitudes que fosen admitidas a trámite de conformidade co establecido na Orde do 23 de xuño, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades

integrantes do sistema universitario de Galicia. Nestes supostos, os requisitos para a obtención da avaliación positiva ou do informe favorable da CGIACA serán os establecidos no título III (criterios de avaliación e baremos de puntuación) desta orde.

Novena.-Acordos de avaliación ou informe.

1. As propostas motivadas emitidas pola CGIACA serán vinculantes para o Consello de Dirección da ACSUG, que de conformidade con elas adoptará os correspondentes acordos.

Os acordos do consello de dirección, tamén motivados, ditanse de conformidade co establecido no artigo 89 da Lei 30/1992 e serán notificados a cada solicitante, persoal e directamente, no prazo máximo dos seis meses seguintes á presentación da solicitude.

2. Os informes favorables ou as avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidos, e terán validez para as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia ou as do sistema universitario doutra comunidade autónoma que teña suscrito un convenio previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Décima.-Efectos da avaliación ou informe.

1. Os informes favorables ou as avaliacións positivas non teñen prazo de caducidade unha vez obtidos, e terán validez para as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia ou as do sistema universitario doutra comunidade autónoma que teña suscrito un convenio previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Se os informes son desfavorables ou as avaliacións negativas, poderase volver a solicitar unha nova avaliación ou informe unha vez transcorridos seis meses desde a notificación da referida avaliación ou informe negativo. Isto non impide solicitar a avaliación ou o informe para outra figura contractual distinta da que resultase negativa ou desfavorable, sen que neste caso este prazo de seis meses sexa de aplicación.

Décimo primeira.-Recurso.

Os acordos do consello de dirección esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2004.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Presidente do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO II

SOLICITUDE DE AVALIACIÓN OU INFORME DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Sexo
Enderezo		Data nacemento		
Código postal	Cidade	Provincia	Correo electrónico	
Telefone	Fax			

2. FINALIDADE DA AVALIACIÓN OU INFORME. Os interesados que soliciten avaliación ou informe para máis dunha figura contractual deberán presentar dous exemplares de solicitude independentemente do número de figuras contractuais que se soliciten. Cada un dos exemplares deberá estar acompañado da documentación acreditativa da titulación académica e do historial académico conforme o modelo normalizado de currículo previsto pola ACSUG.

Profesor contratado doutor

Profesor axudante doutor

Profesor colaborador

Profesor de universidade privada

3. ÁREA DE CONECEMENTO. Sinalar ata un máximo de tres, por orde de preferencia. Esta información só terá efectos para a adscrición da solicitude aos campos da avaliación por parte da ACSUG. A ACSUG non emitirá avaliacións ou informes vinculados a unha área de coñecemento específica (ver catálogo de áreas de coñecemento publicado polo Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, regulador do sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos respectivos, no seu anexo II).

1.	Código:
2.	Código:
3.	Código:

4. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

--	--

Sinatura do solicitante

Santiago de Compostela, de 200

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

ANEXO I

SOLICITUDE DE AVALIACIÓN OU INFORME DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA PROFESORADO UNIVERSITARIO FUNCIONARIO OU HABILITADO

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Sexo
Enderezo		Data nacemento		
Código postal	Cidade	Provincia	Correo electrónico	
Telefone	Fax			

2. CATEGORÍA DO SOLICITANTE 3. CATEGORÍA DA AVALIACIÓN OU INFORME

<input type="checkbox"/> Catedrático de universidade	<input type="checkbox"/> Profesor contratado doutor
<input type="checkbox"/> Titular de universidade	<input type="checkbox"/> Profesor axudante doutor
<input type="checkbox"/> Catedrático de escola universitaria	<input type="checkbox"/> Profesor colaborador
<input type="checkbox"/> Titular de escola universitaria	<input type="checkbox"/> Profesor de universidade privada

4. ÁREA DE CONECEMENTO (ver catálogo de áreas de coñecemento publicado polo Real decreto 774/20002, do 26 de xullo, regulador do sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos respectivos, no seu anexo II).

1.	Código:
2.	Código:
3.	Código:

5. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

--	--

Sinatura do solicitante

Santiago de Compostela, de 200

PRESIDENTE DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

ANEXO III
CURRÍCULUM VITAE

Nome e apelidos:

O abaixo asinante declara que son certos os datos que figuran neste currículum, asumindo en caso contrario as responsabilidades que puidesen derivar das inexactitudes que consten nel.

É necesario asinar á marxe de cada unha das follas.

Este cv preséntase sen prexuízo de que no proceso de avaliación se puidese requirir o interesado para ampliar a información aquí contida.

Santiago de Compostela, de de 200
Sinatura:

1. DATOS PERSOAIS:

Apelidos:	
Nome:	
DNI:	
Data nacemento:	
Sexo:	

2. SITUACIÓN PROFESIONAL ACTUAL:

Organismo ou entidade:	
Categoría profesional:	
Actividade que desenvolve:	
Data inicio:	

3. ACTIVIDADES ANTERIORES DE CARÁCTER CIENTÍFICO OU PROFESIONAL:

Datas:	
Posto:	
Institución:	
Actividades desenvolvidas:	

4. FORMACIÓN ACADÉMICA:

• Títulos:	
Diplomatura/licenciatura/enxeñería:	
Centro:	
Data:	

• Doutoramento:

Doutoramento:	
Centro:	
Data:	
Director(es) de tese:	
Título da tese:	

• Axudas ou bolsas:

Axudas e bolsas:	
Finalidade:	
Entidade financiadora:	
Duración:	
Centro ou institución:	

5. PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS: claves: L: libro; CL: capítulo de libro; A: artigo; R: revista; E: editor; PCL: publicación científica internacional; PCE: publicación científica estatal; PCA: publicación científica autonómica; PCL: publicación científica local.

L	<input type="checkbox"/>	CL	<input type="checkbox"/>	A	<input type="checkbox"/>	R	<input type="checkbox"/>	E	<input type="checkbox"/>	PCI	<input type="checkbox"/>	PCE	<input type="checkbox"/>	PCA	<input type="checkbox"/>	PCL	<input type="checkbox"/>
Autor/es:																	
Título:																	
Libro:													Revista:				
Volumen:													Páxinas:				
Clave:													Editorial:				
													Ano:				

6. PATENTES, MODELOS DE UTILIDADE E OUTROS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN:

Inventores:	
Título:	
Nº solicitude:	
País prioridade:	
Data prioridade:	
Entidade titular:	
Países aos que se estendeu:	
Empresa (s) que a explotan:	

7. PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:

Título proxecto:	
Entidade financiadora:	
Duración desde:	
Alta:	
Investigador principal:	
Tipo de participación do solicitante:	

8. PARTICIPACIÓN EN CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN:

Título do contrato:	
Empresa ou Administración financiadora:	
Duración desde:	
Alta:	
Investigador responsable:	
Tipo de participación do solicitante:	
Resultados máis relevantes:	

9. ESTADÍAS EN CENTROS ESPAÑOIS E ESTRANXEIROS:

Centro:	
Localidade:	
País:	
Ano:	
Duración:	
Tema:	
O solicitante realizou a súa estada en calidade de:	

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 11 de outubro de 2004, da División de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego e se convocan para a súa realización.

Advertido erro no texto da dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 201, do 15 de outubro de 2004, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 14.091, Anestesioloxía e reanimación, onde di: «día 29 de outubro de 2004, C.H. Universitario de Santiago (letra de comezo do primeiro apelido desde o T até o E) ás 10 horas; C.H. Universitario de Santiago (letra de comezo do primeiro apelido desde o F até o S) ás 16.30 horas», debe dicir: «día 29 de outubro de 2004, ás 10.00 horas, C.H. Universitario de Santiago de Compostela».

Resolución do 21 de outubro de 2004, da División de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego e se convocan para a súa realización.

O punto 6 da base décimo cuarta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que á vista das peticións de reparación presentadas, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* as listaxes definitivas de admitidos e excluídos á entrevista por centros ou complexo hospitalario, así como o lugar, a data e a hora de realización da entrevista. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de reparación entenderanse implícitas na citada publicación.

Por todo iso, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Declarar, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos á entrevista da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro) das categorías de: microbioloxía e parasitoloxía, oncoloxía médica e rehabilitación.

Segundo.-As listaxes coa relación de aspirantes admitidos e excluídos poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Convocar os aspirantes admitidos con carácter definitivo para a realización das entrevistas, de conformidade coa seguinte distribución:

Microbioloxía e parasitoloxía: na sede da *Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria* (FEGAS), avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, 1ª andar, en Santiago de Compostela, día 29 de outubro de 2004, ás 10.00 horas: C.H. de Pontevedra, H.C. de Monforte de Lemos, C.H. de Ourense, C.H. Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña; ás 16.00 horas: C.H. Universitario de Santiago de Compostela, C.H. Universitario de Vigo, C.H. Xeral-Calde de Lugo, H.C. da Costa-Burela, H.C. Valdeorras.

Oncoloxía médica: no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro s/n, de Santiago de Compostela, día 3 de novembro de 2004, ás 16.00 horas: C.H. Arquitecto Marcide, C.H. Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, C.H. Universitario de Santiago de Compostela, C.H. Xeral-Calde de Lugo; ás 17,30 horas: C.H. de Ourense, C.H. Universitario de Vigo, C.H. de Pontevedra.

Rehabilitación: no edificio administrativo do Servizo Galego de Saúde, en San Lázaro s/n, de Santiago de Compostela, día 2 de novembro de 2004, ás 16.30 horas: C.H. Universitario de Vigo, C.H. de Pontevedra, C.H. Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, H.C. da Costa-Burela; día 3 de novembro de 2004, ás 16.30 horas: C.H. Arquitecto Marcide, C.H. Universitario de Santiago de Compostela, C.H. Xeral-Calde de Lugo, C.H. de Ourense, H.C. Valdeorras.

Cuarto.-Os participantes deberán presentarse á entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios para os que estean admitidos.

Os participantes que non procedan da fase de selección que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios nos que estean admitidos, decaerán nos seus dereitos, sen que se lles poida adxudicar praza ningunha, e manteranse, se é o caso, na súa praza orixinaria e nas mesmas condicións, sen prexuízo do establecido a continuación para os reingresados provisionais.

Os participantes que se atopen en situación de reingreso provisional ao servizo activo que non se presenten á realización da entrevista para un dos centros ou complexos hospitalarios nos que estean admitidos, serán declarados de oficio en situación de excedencia voluntaria.

Os participantes procedentes da situación de persoal estatutario en expectativa de destino que non